

TRAXECTORIAS E RETOS

ISSN: 1887-2417
D.L.: C-3317-2006

Proxecto FÉNIX: tecendo redes a través dun proceso de procesos na educación ambiental en Galicia

FENIX project: weaving networks through a process of environmental education in Galicia

Pablo Meira e Miguel Pardellas. Sociedade Galega de Educación Ambiental (Galiza-España)

Resumo

A Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) recolle nos seus estatutos, entre outros, a creación de foros para facilitar o intercambio de experiencias en Educación Ambiental e a concertación de liñas de actuación e colaboración con colectivos preocupados polo medio ambiente. O Proxecto Fénix foi unha plataforma de diagnóstico da situación da Educación Ambiental en Galicia e a actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental, que durante catro anos, funcionou como un proceso de traballo en rede a través do intercambio de coñecementos e o contraste de opinións. Coa filosofía de traballo en rede buscábase á xeración de coñecemento e á súa socialización entre os actores e, tamén, un procesos de cambio e transformación na sociedade galega.

Abstract

The Galician Society for Environmental Education (SGEA) statutes declare, among other aspects, the need to create forums to facilitate the exchange of experiences in Environmental Education and the adoption of lines of activity and collaboration with other groups concerned about the environment. The Phoenix Project was a platform for diagnosing the status of Environmental Education in Galicia and the updating of the Galician Strategy for Environmental Education, which for four years worked as a networking process through the exchange of knowledge and comparing opinions. With the philosophy of networking the goal was to generate knowledge and its socialisation.

Palabras chave

Asociacionismo, Estratexia de Educación Ambiental, diagnose , traballo en rede, proceso

Key-words

Associations, Environmental Education Strategies, diagnosis, networking, process

Desde a súa constitución en maio de 2001, a *Sociedade Galega de Educación Ambiental* (SGEA) tivo a vocación de vincular nun proxecto común aos axentes, individuos e colectivos que traballan en e desde Galicia pola posta en práctica de respostas educativas á crise ambiental. Entre os fins e actuacións recollidos nos seus estatutos, ademais do fomento dunha Educación Ambiental de calidade, apóstase pola “*creación de foros para facilitar o intercambio de experiencias en Educación Ambiental*” e pola concertación de “*liñas de actuación e colaboración con colectivos e asociacións ambientalistas, cidadás e doutros tipos preocupadas polo medio ambiente*”.

Este compromiso decidido co traballo en rede a través do intercambio de coñecementos e o contraste de opinións constituíu, á súa vez, un dos alicerces do denominado Proxecto Fénix; iniciativa que durante catro anos serviu de plataforma para o diagnóstico da situación da Educación Ambiental en Galicia e a actualización da *Estratexia Galega de Educación Ambiental*. Na súa concepción, deseño e posta en práctica está presente a filosofía do traballo en rede, aplicada non só á xeración de coñecemento sobre un campo específico, o da Educación Ambiental, e á súa socialización entre os actores e axentes deste campo, senón tamén ao estímulo de procesos de cambio e transformación que permitan empoderalo e incrementar o seu potencial transformador da cultura

ambiental –nun amplo sentido– na sociedade galega.

Antecedentes: a Estratexia Galega de Educación Ambiental do ano 2000

No ano 2006 finalizou o período de seis anos (2000-2006) establecido como horizonte de aplicación na *Estratexia Galega de Educación Ambiental* (EGEA), aprobada no Consello Galego de Medio Ambiente a finais do ano 1999 e oficializada, definitivamente, coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* no mes de outubro do ano 2000¹.

Sería difícil entender a existencia da SGEA sen o proceso de debate e as controversias que xerou no planeta galaico da Educación Ambiental a elaboración e aprobación da EGEA. Poderíase afirmar ata que a SGEA foi, de forma talvez involuntaria e imprevista polos seus promotores, un dos grandes logros da mesma Estratexia. Nesta liña, non é desatinado afirmar que a SGEA foi froito, a partes iguais, de dúas forzas contraditorias que acabaron por ser complementarias e, ata, sinérxicas.

Por unha banda, esta asociación xorde impulsada polas expectativas de cambio

1 DOG, N° 205, 23 de outubro de 2000.




Ilustración 1: Portada da publicación da EGEA

que xerou o proceso de deseño e debate público da EGEA, moi limitado en termos de participación pero anómalamente aberto para os patróns políticos da época. Por outra, o impulso fundacional tamén se alimentou dos receos e suspicacias que suscitaba, dentro do mesmo campo da EA, a idea de que a Administración impulsora, a Xunta de Galicia a través da recentemente creada naquel momento Consellería de Medio Ambiente, pretende impor as súas normas, mecanismos de control e posicións ideolóxicas con relación ao medio ambiente e á educación, como unha táctica para condicionar o traballo dun sector que, polo xeral, afacía e afai ser moi crítico coa política ambiental oficial.

Entendida nun contexto máis amplo, a SGEA, como boa parte do movemento asociativo emerxente da Educación Am-

biental en todo o Estado, apareceu en sintonía coa que pode caracterizarse como década das estratexias de Educación Ambiental en España. Unha década de luces e sombras, de expectativas e proxectos cheos de esperanza para o sector, sobre a que será preciso facer balance nalgún momento.

O fito que marca o inicio desta etapa foi a publicación en 1999 do *Libro Branco da Educación Ambiental en España*, impulsado polo Ministerio de Medio Ambiente do primeiro goberno de José M. AZNAR, que serviu de inspiración e impulso para que o mosaico autonómico fósese poboando de documentos estratéxicos que intentaron, a partir dun diagnóstico do estado da Educación Ambiental en cada comunidade, establecer obxectivos, principios e retos para o seu desenvolvemento a medio e longo prazo. O esquema común da maior parte destes documentos parte da implicación dos principais actores socio-educativos para propor recomendacións e liñas de acción concretas, prazos e mecanismos de aplicación e medidas de seguimento e avaliación. Entre os anos 2000 e 2007, a maioría das autonomías pasaron a contar co seu documento estratéxico, xerado a partir de enfoques metodolóxicos e políticos plurais e con distinto alcance. Un dos denominadores comúns, quizais o máis xeral, era a coincidencia en destacar o rol central, e non subsidiario, que deben xogar a Educación Ambiental e os

axentes da Educación Ambiental nas políticas públicas e na iniciativa privada con relación ao medio ambiente e ao fomento dunha cultura da sustentabilidade.

O gran paradoxo é que o documento que foi concibido para ser o marco de referencia da Educación Ambiental en Galicia durante a primeira década do século XXI, a EGEA, acabou sendo progresivamente esquecido pola mesma institución promotora ata o seu abandono definitivo arrasado, de forma simbólica e na práctica, pola experiencia traumática do Prestige. Mentres a EGEA languidecía, a SGEA foi alcanzando cada vez máis forza ao conseguir aglutinar a un número crecente e cada vez máis representativo de actores e axentes da Educación Ambiental. Na actualidade é unha das organizacións no campo da Educación Ambiental con máis vitalidade do Estado, como o demostra a súa participación activa na creación da *Federación de Entidades de Educación Ambiental* (FEEA) no ano 2008, un proxecto de rede na que se integra con colectivos similares doutras comunidades².

2 Comparten coa SGEA o proxecto de esta federación de colectivos ligados á EA, a SBEA (Associació Balear d'Educació Ambiental), a AEA Madrid (Asociación Madrileña de Educación Ambiental de Educadoras y Educadores Ambientales de la Comunidad de Madrid), a RED (Asociación de Educadores Ambientales de Castilla y León), a SCEA (Societat Catalana d'Educació Ambiental) e a AVEADS (Associació Valenciana d'Educació Ambiental i Desenvolupament Sostenible).

Como xa se adiantou no comezo deste apartado, a EGEA foi pensada para un período de aplicación de seis anos, completado, en teoría, en 2006. Neste pouco máis dun lustro, o principal mecanismo de seguimento e avaliación previsto no mesmo documento, o *Observatorio Galego da Educación Ambiental*, non funcionou en sintonía cos fins e obxectivos que o inspiraron “foi convocado por primeira vez a finais do 2006, case 6 anos logo da súa creación (¡!)” ou o fixo de forma exclusivamente formal e con reunións esporádicas que de pouco serviron; algúns produtos normativos secundarios como o *Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental* ou a *Carta de Calidade dos Centros de Educación Ambiental* non tiveron unha aplicación práctica; tampouco se deseñou un plan de acción ou de aplicación, nin se definiron liñas específicas de financiamento; e non se chegaron a promover desde a Administración autonómica iniciativas coordinadas ou transversais para concertar o traballo das distintas consellerías e organismos con competencias ou intereses na materia. Por outra banda, a posibilidade de crear e apoiar foros temáticos ou de calquera outro tipo para dinamizar a EGEA tampouco foi considerada, omitíndose calquera iniciativa para estimular que os sectores e colectivos sociais interpelados na mesma estratexia implicásense na súa posta en práctica. Como síntoma agudo desta situación, nas *V Xornadas Galegas de Educación Ambiental*, celebradas en abril

de 2005 e organizadas pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a EGEA foi completamente obviada no programa.

Con estes datos, non é de estrañar o insuficiente grao de penetración da EGEA nalgúns dos ámbitos máis relevantes da Educación Ambiental en Galicia. A partir das enquisas realizadas no marco do Proxecto Fénixponse en evidencia que máis do 50% dos concellos estudados descoñecían a existencia do documento que debería orientar en boa parte as súas iniciativas educativo-ambientais; mentres que outros sectores como empresas de Educación Ambiental ou colectivos ecoloxistas, con porcentaxes de coñecemento maiores (77,1% e 78,3%, respectivamente), non deixan de ofrecer taxas de recoñecemento relativamente baixas para actores que, por vinculación máis directa á Educación Ambiental, terían que coñecela nunha porcentaxe practicamente do 100%.

Ante este panorama, o punto de partida do Proxecto Fénix non puido ser máis desmotivador: o proceso que deu lugar á EGEA e o seu posterior desenvolvemento foi unha oportunidade en gran medida desaproveitada para potenciar a Educación Ambiental, social e institucionalmente, como un instrumento realmente útil, necesario e poderoso para responder aos desafíos da crise ambiental e as súas manifestacións en Galicia. Paradoxalmente, o dinamismo do sector da Educación Ambiental en

Galicia, en progresivo proceso de estruturación e consolidación a través de redes, contrastou co anquilosamento e a escasa ambición e evolución das Administracións públicas.

Proxecto Fénix

Aproveitando a finalización do seu período de aplicación, a SGEA formulou a finais de 2005 aos responsables da Consellería de Medio Ambiente do Goberno Autonómico a posibilidade de retomar o proceso aberto coa EGEA para valorar a súa aplicación e, abrigo, para darlle un novo impulso. A idea orixinal da que xorde o Proxecto Fénix, á que nos mantivemos fieis durante estes últimos anos, non era tanto a de elaborar un novo documento estratéxico “un novo produto similar ao que xa existía”, senón partir do mesmo para xerar un proceso diagnóstico do campo da Educación Ambiental que permitise, á súa vez, impulsar procesos de dinamización “de” e “en” os ámbitos e sectores que estruturan este campo. Este enfoque apoiouse dun suposto fundamental: que a etapa da “estratexia”, entendida



Ilustración 2: Logotipo do proxecto

como un documento programático, debía de dar paso a un “proceso estratéxico” entendido como un “proceso de procesos”, que permitise combinar, integrar e prolongar no tempo distintas accións cunha dobre intencionalidade: diagnóstica e de dinamización do sector. Dito doutra forma: o proceso –en realidade, os procesos– había de ser tan importante ou máis que os posibles produtos e a estes nunca cabería entendelaos nun sentido finalista.

A intencionalidade diagnóstica xustificábase na medida en que era preciso actualizar e mellorar os estudos elaborados en 1999 para a EGEA, limitados polo escaso tempo dispoñible para a súa realización “menos dun ano”, pola debilidade metodolóxica con que se deseñaron e pola escasa participación dos actores da Educación Ambiental na súa concreción. E a intencionalidade dinamizadora xustifícase porque a SGEA pretendía, e pretende, porse ao servizo dos distintos actores e axentes da Educación Ambiental, os que traballan desde a iniciativa social, desde as institucións públicas ou desde a empresa, para xerar dinámicas que permitan optimizar a calidade e a efectividade das súas accións, dos recursos que se deseñan e dos programas de Educación Ambiental que se pon en práctica para contribuír a forxar unha sociedade galega cada vez máis sostible en termos ambientais e sociais.

Por outra banda, a ninguén pasará desapercibida a intencionalidade de denominar

Proxecto Fénix a este “proceso de procesos”. Tratábase, en boa medida, de resucitar ou reanimar o espírito que concitou a Estratexia Galega de Educación Ambiental e que, á súa vez está contido nela, non tanto para substituíla por outro documento similar, senón para que xerar unha dinámica de cambio que impulse ao sector, déalle maior visibilidade social e institucional e potencieo como instrumento e motor de cambio socio-ambiental. Convén matizar, no entanto, que o mito clásico do Ave Fénix non se refire exactamente ao ave capaz de renacer das súas cinzas, senón a aquela que está permanentemente renacendo delas. Interpretación máis pertinente, se cabe, para non caer na tentación de pensar que os avances que se poidan producir no desenvolvemento do campo da EA, en Galicia ou en calquera outro ámbito territorial, son ineluctablemente irreversibles.

Principios metodolóxicos do Proxecto Fénix

- A apertura e o estímulo á participación de todos os sectores e axentes da Educación Ambiental ou que actúan en ámbitos e campos afíns. Na concepción metodolóxica deuse prioridade a enfoques de investigación-acción participativa, tratando de integrar os tres niveis -participación, acción e diagnóstico- nun mesmo plano.
- A transparencia do conxunto do proceso, desde a súa concepción inicial ata a

súa conclusión en forma de documentos, informes ou outros produtos e procesos diagnósticos.

- A utilización de distintas estratexias e técnicas de investigación socio-educativa para facilitar a triangulación e a complementariedade metodolóxica coa finalidade de captar a complexidade do campo e a diversidade de ámbitos e axentes que o integran.
- A asunción dunha concepción da Educación Ambiental aberta e plural que a entende simultánea e complementariamente como un instrumento ao servizo da construción dunha sociedade galega que aspira a ser ambientalmente sostible e socialmente xusta, e como unha praxe educativa especializada que sirva para transmitir, formar, orientar e potenciar valores e prácticas individuais e sociais que sexan coherentes co logro de devanditas finalidades.
- Identificar, implicar e articular aos *distintos axentes* que operan no campo da Educación Ambiental no proceso diagnóstico e na dinamización e potenciación do campo.
- Ofrecer ás Administracións e aos axentes públicos e privados que o demanden para fins socio-educativos *información* diagnóstica básica que permita orientar, axustar e optimizar as políticas e as prácticas que desenvolven no campo da Educación Ambiental.
- Crear procesos e canles estables e permanentes de *comunicación e colaboración* entre os distintos axentes da Educación Ambiental que operan en Galicia, tanto a nivel público como a nivel privado e da iniciativa cívico-social.

Obxectivos do Proxecto Fénix

- Elaborar un conxunto de *estudos diagnósticos* de intencionalidade procesual que permitan ter unha imaxe sectorial e global do estado actual e da evolución dos distintos ámbitos e axentes do campo da Educación Ambiental en Galicia.
- Detectar as *debilidades e fortalezas* do campo de facer a propor liñas estratéxicas de actuación futura que permitan optimizar o papel da Educación Ambiental como instrumento de cambio social.

O desenvolvemento do Proxecto

Primeira parte

febreiro 2006-novembro 2007

Os primeiros meses do ano 2006 serviron para formalizar administrativamente o proxecto a través dun convenio de colaboración entre a Xunta e a SGEA e para definir a estrutura de funcionamento e os ámbitos de traballo. O conxunto do proceso organizouse en tres niveis de funcionamento:

- unha *comisión técnica de coordinación*, con integrantes da SGEA e a Xunta de Galicia, encargada do deseño xeral do proxecto e do mantemento da coherencia e do rigor metodolóxico no seu desenvolvemento práctico.
- un *grupo operativo* coa función de prestar apoio e asesoramento metodolóxico e loxístico para a selección das técnicas e estratexias de investigación, para o deseño e aplicación dos instrumentos de recollida de información e para o procesamento dos datos resultantes.
- *catro grupos de traballo sectoriais* co fin de facer viables, contando co apoio do grupo operativo, as accións dirixidas a fomentar a participación e articular e implicar aos axentes sociais e educativos de cada ámbito no proceso diagnóstico. Os catro ámbitos ou áreas de traballo definidas foron:

- *Equipamentos de Educación Ambiental e Profesionalización*
- *Sistema educativo e ambientalización*
- *Acción local e Participación social*
- *Cultura da sustentabilidade e problemática ambiental*

Unha vez constituídos os tres niveis de coordinación, deu comezo o proceso de deseño e planificación das accións sectoriais para cada ámbito, articulando os instrumentos e técnicas específicas para a recollida de información. Posteriormente, procedeuse á revisión e armonización das técnicas propostas co fin de planificar o

traballo de campo que levou a cabo, principalmente, entre os meses de febreiro e xullo de 2007.

É necesario destacar que desde a definición dos niveis de coordinación levou a cabo un labor de divulgación da realización do estudo diagnóstico, buscando, ao mesmo tempo, o contraste crítico dos instrumentos, as técnicas e os tempos que se empregarían e a habilitación, desde o primeiro momento, de espazos para a reflexión e o debate entre a comunidade de axentes e actores significativos no campo. O *II Seminario Compostela de Investigación en Educación Ambiental e para a Sustentabilidade*³ ou o *I Foro Galego de Educadores e Educadoras Ambientais*⁴, foron boa mostra do esforzo realizado neste sentido.

Unha vez recollidos os primeiros datos resultantes do traballo de campo procedeuse ao seu procesamento e análise, elaborándose os primeiros informes diagnósticos parciais para cada ámbito obxecto de estudo. Estes informes iniciais contiñan xa unha proposta de recomendacións e indicadores de seguimento e avaliación para cada unha das áreas de traballo. A principios de novembro de 2007 finalizou

3 30 y 31 de octubre de 2006. Universidade de Santiago de Compostela. Programa Interuniversitario de Doutoramento en Educación Ambiental. Departamento de Teoría da Educación Historia da Educación e Pedagogía Social.

4 14 abril de 2006, Castelo de Santa Cruz, CEIDA.

a primeira parte do proceso, obténdose como produto parcial o primeiro borrador diagnóstico do estado da Educación Ambiental en Galicia.

Como non podería ser doutra forma, todo este traballo de recompilación e procesamento de información realizouse mediante traballo en gabinete, contando co asesoramento de varios profesionais con experiencia e traxectoria contrastada. Con todo, na liña de traballo definida polos principios fundamentais que guiaron o Proxecto Fénix, resultaba necesario pór en común cos actores do campo da EA o conxunto de conclusións obtidas despois do traballo realizado. As *V Xornadas da Sociedade Galega de Educación Ambiental: Actores, campos e procesos da Educación Ambiental en Galicia*⁵, serviron de marco para someter a revisión, discusión e avaliación crítica o primeiro borrador, xa que, ademais de presentar un avance dos resultados do diagnóstico elaborado, contrastáronse cos participantes de forma participativa as recomendacións e propostas para a Educación Ambiental en Galicia.

Unha vez integradas as conclusións derivadas das V Xornadas, o 30 de novembro de 2007, a SGEA presentou á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o documento final do Proceso de

Diagnóstico e Actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental.

Segunda parte

xaneiro 2008-decembro 2009

Reiterando na idea de “proceso de procesos”, o documento definitivo do *Proceso de Diagnóstico e Actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental*, lonxe de constituir un punto final, converteuse e nunha etapa máis no camiño, servindo de base para os traballos desenvolvidos durante o bienio 2008-2009.

Co obxectivo de dar continuidade aos procesos emprendidos paralela e transversalmente ao Proxecto Fénix, incentivando e apoiando aquelas iniciativas máis innovadoras e transformadoras, puxéronse en marcha catro liñas de traballo estreitamente ligadas:

- a elaboración dun novo texto para a EGEA: coa información dispoñible era factible redactar un novo texto para a *Estratexia Galega de Educación Ambiental*, incorporando os diagnósticos, recomendacións e indicadores resultantes do Proxecto Fénix.
- a elaboración dunha colección de publicacións sectoriais: tendo en conta que a información que se reflectiría na nova EGEA era unha pequena parte da inxente cantidade de información recompilada, procedeuse á redacción de 7

5 Santiago de Compostela, 17-19 de novembro de 2007

publicacións sectoriais, unha por cada ámbito de traballo máis un documento de síntese.

- o deseño e a elaboración de plans de acción sectoriais: a redacción dun novo texto para a EGEA non debía paralizar os procesos de activación e organización da Educación Ambiental en Galicia, polo que se convocaron varios seminarios nos que, traballando por sectores, elaboráronse plans de acción específicos.
- o proceso de cuantificación e seguimento dos indicadores: como non podería ser doutra forma, a realidade da Educación Ambiental en Galicia é dinámica e variable no tempo; co obxectivo de coñecer a variación dos indicadores e as tendencias evolutivas seguidas polos distintos sectores, procedeuse a unha nova recollida de información, esta vez moito máis sincrética, para poder cuantificar os indicadores definidos e comparar os novos datos cos obtidos inicialmente.

Durante estes dous anos, o desenvolvemento destas liñas de traballo resultou desigual. A dificultade de compaxinar os tempos da Administración e as necesidades dos distintos sectores e a coincidencia dunhas eleccións autonómicas que desembocaron nun cambio de goberno, condicionou claramente os resultados dos distintos proxectos. Sirva como exemplo a imposibilidade de consensuar coa Ad-

ministración un novo texto para a EGEA ou as dificultades para sacar adiante as publicacións, finalmente presentadas en xullo de 2010 “máis dun ano logo do inicialmente previsto”.


Produtos e resultados

Tal e como xa se mencionou, a idea básica que vertebrou metodoloxicamente o Proxecto Fénix foi a de converter o mesmo proceso de análise diagnóstico nunha plataforma para o desenvolvemento de iniciativas paralelas e complementarias que, máis aló da obtención dun informe final, servise para pór en marcha iniciativas a partir das que poder obter diversos produtos e dinamizar novos procesos. A continuación enuméranse algúns destes resultados en función das áreas sobre nas que se estruturou o traballo de investigación e dinamización.

Equipamentos de Educación Ambiental y Profesionalización de la Educación Ambiental

Os obxectivos específicos definidos para esta área de traballo centraron a súa atención na situación dos Equipamentos (EqEA) e das iniciativas empresariais ligadas á Educación Ambiental en Galicia.

Os EqEA son un dos recursos de referencia



Fotos 1-3:
Distintos
momentos
de reunións
e grupos de
traballo



dentro do ámbito da Educación Ambiental: a súa traxectoria, o número de iniciativas, a súa heteroxeneidade, a súa importancia desde o punto de vista laboral, o seu impacto social, etc. convérteos, sen ningunha dúbida, en elementos estratéxicos para a Educación Ambiental. ademais de constituír en se mesmos un barómetro moi sensible á saúde e vitalidade do campo.

Por outra banda, as referencias á realidade e á situación profesional da Educación Ambiental son dispersas pero constantes desde fai uns 20 anos. É durante as dúas últimas décadas cando se constitúen en Galicia as primeiras empresas especializadas en EA e identifícanse as primeiras persoas que definen e comezan a reivindicar un rol e un perfil profesional ligado á

Educación Ambiental.

A partir de estudos recentes, no caso dos EqEA, e logo da realización dunha enquisa específica ás empresas que desenvolven ou desenvolveron algunha iniciativa relacionada coa Educación Ambiental, elaboráronse senllos diagnósticos sobre a situación dos EqEA e sobre o perfil do sector empresarial dedicado á Educación Ambiental en Galicia.

Tanto no ámbito dos equipamentos como no das empresas, que están estreitamente relacionados, viñan desenvolvéndose desde facía pouco máis dun lustro diversas iniciativas colectivas encamiñadas á súa articulación e consolidación. Desta forma, a elaboración dun estudo diagnóstico sobre os EqEA, en paralelo á redacción du-

nha Carta de Calidade para estes recursos e a convocatoria de varios seminarios de traballo, propiciou a posta en marcha da Rede Galega de Equipamentos para a Educación Ambiental.

Por outra banda, a caracterización das empresas que desenvolven actividades de Educación Ambiental na comunidade autónoma supuxo un punto de inflexión no coñecemento, a organización corporativa -aínda débil- e a dignificación profesional do sector. Este feito, completado coa análise das condicións e o perfil socio-laboral das persoas que traballan neste campo, propiciou tamén varias reunións do sector que, aos poucos, permitiron ir definindo as súas prioridades e necesidades.

Sistema educativo

Dado o importante papel que xogan o profesorado e os centros educativos no desenvolvemento da Educación Ambiental, o escolar foi un dos ámbitos que foron inicialmente incorporados aos procesos do Proxecto Fénix. Con todo, o seu estudo sistemático non puido chegar a realizarse dada a negativa oficial da Administración educativa a que fosen enviados cuestionarios aos centros escolares e a que se organizaran mesas sectoriais co profesorado. Para paliar dalgunha forma esta carencia, e asumindo a relevancia estratéxica deste ámbito, abríronse tres liñas de traballo paralelas:

- a análise do papel reservado á Educa-

ción Ambiental na LOE, identificando nos currículos oficiais as competencias e materias relacionadas, directa ou indirectamente, coas finalidades da Educación Ambiental;

- a análise da formación do profesorado, localizando e analizando a oferta institucional relacionada coa Educación Ambiental;
- e a descrición e valoración de iniciativas e programas de Educación Ambiental desenvolvidas para o sistema educativo formal, profundando naquelas de maior ambición, relevancia e alcance innovador (o Programa de A21EG, o Proxecto Climántica, o Proxecto Ríos e o Programa A Aposta).

Acción local e participación social

Desde a aparición das primeiras iniciativas en materia de Educación Ambiental nos anos sesenta e setenta, as entidades locais foron conformándose como espazos e axentes da acción educativa en materia ambiental.

Simultaneamente, a inquietude que se suscita ao redor da necesidade de promover estratexias educativas orientadas á conservación do medio ambiente e á mellora das condicións de vida no planeta coincide co surgimento de grupos e colectivos de corte ambientalista e ecoloxista que impulsaron e promovido distintas

iniciativas e campañas estreitamente ligadas á Educación Ambiental. En Galicia, a urxencia destes grupos se solapa historicamente coa transición á democracia, na segunda metade dos anos setenta do século pasado.

Concellos e grupos ecoloxistas constitúen, xa que logo, dous axentes especialmente relevantes na acción local e a participación social en materia ambiental, de aí a súa integración no noso estudo. Para iso realizáronse enquisas a unha mostra de concellos e de grupos ecoloxistas, elaborándose un diagnóstico detallado das actividades, materiais e recursos de Educación Ambiental que promoven estes axentes en Galicia.

Ademais, a información recompilada permitiu tamén identificar a coherencia -ou a falta dela- entre as políticas ambientais municipais e as iniciativas de Educación Ambiental postas en marcha; así como as características do tecido asociativo ecoloxista en Galicia -organización, recursos, perfil das persoas asociadas, obxectivos etc.-.

Cultura da sustentabilidade

Coa dobre finalidade de realizar un diagnóstico base e “unha especie de informe cero” sobre o perfil da cultura ambiental da cidadanía galega e de intentar establecer unha serie de indicadores que permitan detectar e avaliar en réplicas posteriores posibles tendencias na súa evolución,

realizouse un estudo demoscópico que tomou como base unha mostra representativa da poboación galega maior de 18 anos.

Aínda que a estrutura e características deste estudo equipáranlo a outros similares no campo da socioloxía ambiental, na súa concepción, na selección das cuestións formuladas e, sobre todo, na lectura interpretativa dos datos obtidos, intentouse adoptar unha mirada “desde” e “para” a Educación Ambiental. Con esta perspectiva pretendese xerar unha radiografía, sequera esquemática, que axude a entender que cambios culturais e sociais estanse producindo na sociedade galega desde a perspectiva da cidadanía como destinataria das iniciativas e dos programas educativo-ambientais.

Este primeiro diagnóstico da cultura ambiental da cidadanía galega foi posteriormente contrastado con outro realizado en 2008, podendo así albiscarse os primeiros




Ilustración 3: Portada da publicación do proceso

indicios de dinámicas e tendencias no tempo, en relación ás iniciativas educativas e políticas que se estaban desenvolvendo no ámbito ambiental.

Algunhas conclusións do traballo desenvolvido

Á vista da paisaxe socioeducativo resultante, é necesario destacar algúns trazos e indicadores que poden axudar a dar corpo aos procesos de diagnóstico e dinamización realizados. Neste sentido, sintetízanse a continuación algunhas das recomendacións e ideas recollidas nos distintos documentos sectoriais, formulando unha serie de reflexións para o futuro, co fin de contribuír á súa maior difusión e propiciar a súa aplicación:

A importancia do contexto

A sociedade galega presenta un perfil ambiental asimilable a outras sociedades da nosa contorna. No entanto, hai que ter en conta os elementos contextuais propios da nosa comunidade á hora de deseñar e desenvolver calquera iniciativa de Educación Ambiental.

Visibilidade, por favor...

A maior parte da poboación non ten o coñecemento, o interese ou a oportunidade para realizar ou participar en iniciativas de Educación Ambiental: sete de cada dez

persoas enquisadas afirman non participar en ningunha nos últimos cinco anos. Neste sentido, é necesario aumentar o grao de cobertura e a visibilidade das actividades, os recursos e os proxectos de Educación Ambiental.

Novas metodoloxías, novas temáticas e novos destinatarios

A percepción que comparte a cidadanía galega sobre a Educación Ambiental remite aos estereotipos e os tópicos reduccionistas que a vinculan ao medio natural, ao público infantil escolarizado e á transmisión de coñecementos sobre o medio ambiente. Esta constatación debe levar a repensar e reformular a oferta educativa-ambiental existente, reorientando as metodoloxías e as temáticas abordadas aos principios e as finalidades do cambio moral, cultural e social que se lle demanda a unha Educación Ambiental contemporánea.

Equipamentos de Educación

Ambiental infrautilizados

Pódese afirmar rotundamente que o conxunto de Equipamentos de Educación Ambiental en Galicia, ademais de pouco coñecido e infravalorado, constitúe un sector pouco articulado e sen regulación propia. É necesario impulsar un proceso de calidade que potencie aos centros e aos profesionais mellor preparados, así como apoiar a recentemente creada Rede Galega de Equipamentos para a Educación Ambiental co fin de consolidar a un

sector claramente infrutilizado na actualidade.

Reivindicando a dignidade profesional

A dependencia das Administracións, a falta de regulación, a temporalidade, o intrusismo profesional, etc. son aspectos que deben centrar os debates e axudar a clarificar o sector da Educación Ambiental. A mellora das condicións económicas e profesionais das empresas de Educación Ambiental e dos educadores e educadoras ambientais en Galicia pasará, necesariamente, pola articulación real do sector en detrimento de a desregulación e o todo vale actual.

Os límites do sistema educativo

O impulso e desenvolvemento dun proceso de ambientalización, seguindo o formato das Axendas 21 escolares ou outros, nos centros educativos é un dos maiores retos aos que se pode enfrontar unha comunidade escolar, á vista das dificultades loxísticas, metodolóxicas e organizativas detectadas. O potencial deste tipo de iniciativas esixe unha aposta decidida por parte dos estamentos máis directamente implicados (consellerías, concellos, profesorado, alumnado e comunidades escolares en xeral).

A precariedade municipal

Na actualidade poucos son os concellos galegos que dispón de recursos económicos e materiais, e de persoal técnico con atribucións definidas especificamente en

Educación Ambiental. É necesario integrar a Educación Ambiental na promoción da participación social e no desenvolvemento das políticas ambientais municipais.

Os grupos ecoloxistas como catalizadores

A pesar do minifundismo asociativo que caracteriza a este movemento en Galicia e dos escasos recursos dispoñibles, os colectivos ecoloxistas galegos conta cun importante capital humano, unha gran plasticidade temática e metodolóxica e unha notable capacidade de influencia social, que os converte en potentes catalizadores e xeradores de iniciativas de Educación Ambiental.

A información como ferramenta

Os medios de comunicación, os convencionais e as novas Tics, xogan un papel fundamental na articulación do coñecemento colectivo, converténdose en mediadores básicos na representación e interpretación por parte da poboación dos problemas ambientais e, como consecuencia, en actores imprescindibles para a procura de solucións colectivas á crise ambiental.

A rede como estrutura e a participación como norma

A articulación e consolidación de redes nas que compartir ferramentas, recursos e obxectivos soamente pode alcanzarse a través dunha participación que, trasgre-

diendo as fronteiras do ámbito informal, ten que erixirse como método para a toma de decisións na planificación e a xestión. As redes tamén necesitan recursos e marcos institucionais e organizativos específicos.

A modo de conclusión parcial

Logo de máis de catro anos traballando resulta complexo esbozar un balance que exprese a complexidade de todo o proceso. Intentaremos avaliar, xa que logo, o impacto do Proxecto Fénix desde diferentes puntos de vista:

Abrindo novos camiños para a investigación

No momento no que se puxo en marcha o Proxecto Fénix, apenas existían referencias sobre os ámbitos de estudo abordados: trátase do primeiro estudo desta envergadura sobre a situación laboral dos educadores e educadoras ambientais en Galicia, o primeiro tamén sobre as características do tecido empresarial ligado á Educación Ambiental, a primeira investigación sobre o movemento ecoloxista galego e o seu rol educativo, e a primeira demoscopia socio-ambiental que integra a Educación Ambiental como unha dimensión e unha variable central de estudo.

A estes elementos innovadores hai que sumarlle a elaboración dunha cartografía das

iniciativas promovidas e/ou desenvolvidas polos distintos axentes da Educación Ambiental na comunidade galega.

En definitiva, un conxunto de datos, diagnósticos e análises que esperamos sirvan para alimentar outras investigacións que redunden nun mellor coñecemento e nun maior dinamismo do sector da Educación Ambiental e, como consecuencia, na potenciación do seu rol socio-ambiental.

O esforzo da dinamización

Tal e como xa se destacou, o obxectivo do Proxecto Fénix non era só elaborar un estudo diagnóstico da Educación Ambiental en Galicia; senón que se pretendeu que o mesmo proceso diagnóstico servise como motor do propio sector.

Neste sentido, ademais de facer uso de estratexias e técnicas de recollida de datos que, á súa vez, contribuísen a unha maior implicación dos axentes e entidades participantes, e da convocatoria de foros e xornadas de debate nos que analizar críticamente os diagnósticos, buscou unha maior implicación de todo o sector mediante a elaboración de plans de acción. Durante os meses de marzo, abril e maio de 2009, foron convocados seminarios sectoriais nos que equipamentos, empresas de Educación Ambiental, grupos ecoloxistas, profesorado e persoal técnico municipal puidesen avaliar o seu propio sector e propor liñas de acción para a súa mellora.

Quizais, neste sentido, o elemento máis

destacable destes plans de acción foi a insistencia en elaborar liñas de traballo propias para cada un dos sectores e de facelo “á marxe” das administracións, buscando desta forma un maior compromiso e implicación na transformación dos aspectos que así o requirían.

O sector da Educación Ambiental en Galicia era e segue sendo un espazo de encontro para axentes e entidades de moi diversa tipoloxía e obxectivos. Esta diversidade e heteroxeneidade son enriquecedoras pero, ao mesmo tempo, poden lastrar as capacidades do sector. Mostra diso é o feito de que fose necesario esperar máis de dúas décadas desde que xurdisen as primeiras iniciativas identificadas con este ámbito educativo, nos anos setenta do século pasado, para que vise a luz un proxecto colectivo como a SGEA. O desenvolvemento de iniciativas colectivas sobre aspectos concretos é un novo reto que, necesariamente, o sector da Educación Ambiental terá que asumir para continuar o seu proceso de consolidación.

Equilibrando equilibrios

Durante todo o proxecto, a SGEA xogou un dobre papel, de dinamizadora e de interlocutora cos distintos axentes do sector e coa Administración autonómica.

En decembro de 2005, cando a SGEA presentou o Proxecto Fénix á Consellería de Medio Ambiente, a Administración asumiu o compromiso por revitalizar e incentivar o

sector da Educación Ambiental, relegado case á marxinalidade nos últimos anos do goberno anterior. Con todo, non se pode obviar a “facilidade” desta aposta, deixando en mans da SGEA un traballo de coordinación e dinamización que en ningún momento durante o transcurso do proxecto, pareceu disposta a asumir.

Á súa vez, os axentes e entidades máis directamente implicados na promoción e desenvolvemento de iniciativas de Educación Ambiental en Galicia, aínda que inmersos en procesos sectoriais máis ou menos incipientes de estruturación, deixaron tamén en mans da SGEA o traballo de coordinación destes procesos, á vez que a interlocución coa Administración autonómica “cando menos no que respecta ás necesidades e propostas colectivas”.

Este dobre xogo supuxo en ocasións un peso excesivo para unha entidade como a SGEA, relativamente ?mozo? desde o punto de vista asociativo e con pouca traxectoria na xestión de recursos.

Quizais esta dobre delegación de funcións, por parte da Administración e do propio sector, que a SGEA tampouco puido ou soubo alterar, sexa un dos elementos determinantes na falta de continuidade dalgúns dos procesos postos en marcha; sirva como exemplo o ocorrido cos plans de acción sectorial que, aínda que é certo que serviron para “empoderar” parcial e temporalmente a algúns sectores, carece-

ron das necesaria continuidade.

O tempo ha de dicir se o traballo realizado tivo a repercusión e o impacto desexable. No entanto, consideramos que se puxeron en marcha mecanismos e resortes que, cun pouco máis de tempo e traballo, poden contribuír á estruturación do sector e a consolidación e a promoción da Educación Ambiental na nosa comunidade.

blicacións resultantes do Proxecto Fénix consultar: www.sgea.org/fenix

** Na actualidade, o Proxecto Fénix ten continuidade a través da elaboración dun Mapa de Recursos de Educación Ambiental en Galicia, proxecto que está desenvolvendo a SGEA por encargo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*

Para máis información e acceso ás pu-

Coordinación do Proxecto Fénix	Pablo Á. Meira Cartea e Miguel Pardellas Santiago
Coordinación da área de traballo de EqEA e profesionalización da Educación Ambiental	Araceli Serantes Pazos e Susana Soto Fernández
Coordinación da área de traballo de sistema educativo	Camilo Ojea Bouzo e Antón Lois Estévez
Coordinación da área de traballo de Acción Local e Participación	Miguel Pardellas Santiago e Leandro Fernández Tomei
Coordinación da área de traballo de Cultura Ambiental	Pablo Á. Meira Cartea
Colaboradores/as	Lucía Igrexas dá Cunha, Arantxa Louro Crespo, Noa Estévez Pérez, Melania Coya García, Xulio Gutiérrez Roger, Germán Vargas Calleja, Gabriela Fontes Rodríguez, Manuel Antonio Fernández Domínguez, Ramses Pérez, Irene Baspino

Tabla 1: Ficha técnica